



# Os Servizos Sociais dirixidos aos maiores e dependentes: a posición do MODEPEN

(Movemento Galego pola  
Defensa das Pensións Públicas)

10/03/2020



### **NOTA PREVIA:**

*O texto que sigue a esta nota, foi aprobado pola Comisión Permanente do MODEPÉN o día 10/03/2020, poucos días antes de que estalara con toda a súa crueza o actual andazo do Coronavirus. A dramática situación que estes días se está vivindo nas residencias de maiores e dependentes de Galicia e de todo o estado español, ten en boa medida a súa causa na situación que se describe no texto que segue.*

O presente texto foi publicado, en <https://praza.gal/opinion/os-servizos-sociais-dirixidos-aos-maiores-e-dependentes-a-posicion-do-modepen>

## **A. O MODEPÉN defende e seguirá defendendo as pensións públicas.**

**O Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas (MODEPÉN) é un movemento social que defende os intereses económicos e sociais das persoas pensionistas.**

O MODEPÉN xogou un importante papel no nacemento da Coordinadora Estatal para a Defensa do Sistema Público de Pensións Públicas (COESPE), quen promoveu as grandes mobilizacións de pensionistas destes últimos anos que conseguiron a grande vitoria de que as pensións públicas continúen actualizándose anualmente de acordo co crecemento do Índice de Prezos de Consumo (IPC). O MODEPÉN, e a COESPE, segue dando a batalla para que as pensións públicas sexan incluídas nos orzamentos do estado, así como para que a súa revalorización anual de acordo co IPC sexa recoñecida como un dereito constitucional.



## **B. O MODEPÉN considera totalmente inaceptábel, por precaria e inxusta socialmente, a situación actual dos Servizos Sociais dirixidos as persoas maiores e dependentes en Galicia.**

As persoas pensionistas son na súa grande maioría persoas maiores e, nunha proporción importante, tamén son persoas dependentes. Por este motivo, e

como movemento social que alén dos económicos tamén defende os intereses sociais dos pensionistas, **o MODEPÉN denuncia a situación actual dos Servizos Sociais dirixidos aos maiores e dependentes** (Residencias, Servizos de Axuda no Fogar, Centros de Día, ...), que se caracterizan por ser **escasos, estar enormemente privatizados, ter unha calidade moi mellorábel, e ter uns prezos carísimos e abusivos.**

Que esta é a situación demóstrano datos como os seguintes:

- As Listas de Espera da Dependencia afectan a case 9.000 galegas e galegos e a máis de 265.000 cidadán do estado español. Trátase de persoas que teñen recoñecido o dereito ás prestacións de dependencia, mais que non as reciben. En 2017 estímase que morreron 1.900 persoas que estaban nesa situación en Galicia, e 38.000 en todo o estado.
- Estamos lonxe do estándar establecido pola Organización Mundial da Saúde (OMS) de que deben existir 5 prazas de residencias por cada 100 persoas de 65 ou máis anos: na actualidade, en Galicia, só 3,7 prazas residenciais dirixidas a maiores e dependentes, que nun 80% son de titularidade privada.
- Conseguir praza nunha residencia pública é dunha enorme dificultade na grande maioría do territorio galego, pois a administración non potencia este tipo de residencias, e a súa política actual é reconverter as residencias públicas que existen en “asilos de anciáns” dirixidos aos casos de “emerxencia social”, mentres lle cede a súa xestión a empresas privadas en xeral vinculadas aos grandes fondos voitre de investimento.
- Por outra banda, os prezos das prazas nas residencias privadas con ánimo de lucro son en xeral superiores aos 2.000 euros, e nas privadas sen ánimo de lucro (de carácter relixioso, ...) adoitan ser superiores aos 1.500 €..
- A case totalidade dos Servizos de Axuda no Fogar (SAF) existentes en Galicia, municipais ou non, dentro ou fora do Sistema de Atención e Axuda á Dependencia (SAAD), son xestionados por empresas privadas nos que a procura de beneficios económicos é unha prioridade. As horas dispoñíbeis para atención no fogar que os concellos galegos teñen orzamentados son moi escasas, e o número de persoas atendidas polos SAF municipais son moitas menos das necesitan eses servizos, sobre todo se o comparamos cos estándares dos países do norte de Europa



**C. O MODEPÉN considera que a actual Lei de Dependencia é unha lei neoliberal que debe ser derogada e substituída por outra que priorice os intereses da maioría da poboación.**

A aprobación da “Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia” (**Lei de Dependencia ou LAPAD**), en decembro de 2006, foi un fito histórico que tivo como consecuencia un forte crecemento duns servizos sociais dirixidos aos maiores e dependentes que, previamente, eran moi escasos. Mais, ao tempo, ese forte crecemento que experimentou o sector da dependencia, estivo fortemente mediatizado tanto polo **carácter neoliberal de propia LAPAD**, que deixaba un enorme espazo á penetración dos intereses económicos privados, como pola **falta de compromiso coa defensa do público, que demostraron os gobernos galego e estatal** que viñeron aplicándoa a LAPAD desde a o inicio da súa posta en marcha, e que se manifestou claramente no sempre precario financiamento público da aplicación da lei, que ademais viuse agravado polas circunstancias da crise económica.

**D. O MODEPÉN esixe que o dereito ás prestacións da dependencia poida ser recorrerse na xurisdición social, e non na contencioso-administrativa.**

O MODEPÉN esixe que, como establece a propia LAPAD, o dereito ás prestacións da dependencia se podan exercer como **un dereito subxectivo, recorríbel polo tanto nos tribunais da xurisdición social**. A realidade actual é que as persoas dependentes e as súas familias seguen véndose obrigadas a reclamar os seus dereitos na xurisdición contencioso-administrativa, moito mais lenta, custosa, complicada e menos garantista, que a xurisdición social.

Ningún dos gobernos centrais que se sucederon desde que se aprobou a Lei 36/2011, reguladora da xurisdición social, deron cumprimento ao disposto na Disposición final sétima desa Lei, impedindo así que os demandas xudiciais en materia de dependencia sexan vistas na xurisdición social.

**E. O MODEPEN considera que a correcta atención aos maiores e dependentes é un dereito cidadán, que os poderes públicos deben garantir.**

O MODEPÉN fai seu o obxectivo de conseguir a **creación duns verdadeiros Servizos Públicos de Dependencia**, que partan da concepción de que **o dereito a unha correcta atención aos maiores e dependentes é un dereito dos cidadán**, similar ao o dereito ao ensino, a sanidade ou as pensións públicas; un dereito que a administración ten a obriga de garantir. Uns verdadeiros servizos públicos de dependencia, deben constituír **o 4º pilar do Estado de Benestar**.



**F. O MODEPÉN defende a creación, por parte dos poderes públicos, dun verdadeiro Sistema de Servizos Sociais Públicos dirixidos aos maiores e dependentes. e loitará para**

O MODEPÉN defende como opción estratéxica un **Sistema de Servizos Sociais Públicos dirixidos aos maiores e dependentes** caracterizados por seren:

- 1. Servizos públicos:** de financiación, titularidade, xestión e provisión plenamente públicos.

2. **Servizos universais e ben dimensionados**, de xeito que teñan capacidade para atender a todas as persoas que os precisan, sen excluír a ninguén por causas económicas ou doutro tipo. Como exemplo, o nº de prazas de residencias debe ser o que recomenda a OMS, é dicir de 5 prazas por cada 100 persoas de 65 ou máis anos.
3. **Servizos de calidade contrastada** na atención ás persoas usuarias, que os faga atractivos para amplos sectores sociais, alén dos que contén con menos recursos económicos.
4. **Servizos ben financiados**, que contén cunha financiación pública suficiente, con ese obxectivo o baixo Gasto Social dedicado a Dependencia que hoxe existe no Reino de España, 0,7% do PIB, debe incrementarse substancialmente: a media europea é do 1,8%, e nos países do norte de Europa chega até máis 4% do PIB.
5. **Servizos gratuítos na súa parte de coidados** (como na sanidade), e **nos que o copagamento só afecte aos aspectos hostaleiros** (aloxamento, manutención), e que teñan prezos asumíbeis para a grande maioría das persoas traballadoras e pensionistas.
6. **Servizos que prioricen claramente a prestación de servizos formais**, realizados por profesionais con experiencia e debidamente formados, antes que a prestación de servizos informais (que ademais perpetúan a discriminación de xénero), ou as prestacións económicas.
7. **Servizos baseados no principio de “envellecer na casa”**, e teñan o seu alicerce en **fortes Servizos de Proximidade** (sobre todo Servizos de Axuda no Fogar, mais tamén Centros de Día, Servizos de Teleasistencia Avanzada, ...) e que procuren adiar a “institucionalización” (ingresso nunha residencia) até o momento no que xa non sexa viábel manter á persoa usuaria no seu domicilio.  
Os servizos residenciais, e os Centros de Día, deben estar situados na proximidade do domicilio do paciente e/ou da súa familia.
8. **Servizos que contén cuns ratios de profesionais suficientes** para que estes poidan realizar ben o seu traballo.
9. **Servizos dotados de coherencia estratéxica e de xestión coordinada**: debe crearse o Servizo Galego de Atención Pública á Dependencia (**SERGAPAD**), no que se integren o conxunto dos servizos públicos de dependencia de Galicia.
10. **Servizos que promovan a participación da sociedade na súa xestión**, tanto das institucións e organizacións sociais do espazo territorial nos que actúen, como dos usuarios e dos seus familiares.

**G. No MOPEPÉN sabemos que ningunha conquista social se consegue sen loita e mobilización social.**

No MOPEPÉN sabemos que **temos por diante unha longa e dura loita ideolóxica e social**, e tamén política, para conseguir que cheguen a ser unha realidade os servizos sociais públicos dirixidos a maiores e dependentes como os que describimos no punto anterior. Enfronte temos e teremos o enorme poder dos intereses económicos que hoxe obteñen importantes beneficios da atención aos maiores e dependentes, comezando polos grandes fondos voitres de investimento, que son os propietarios da parte máis substancial do enorme negocio que hoxe é a dependencia. Eses grandes intereses económicos contan, ademais, con importantes apoios sociais, mediáticos, e políticos que defenden e defenderán a continuidade da inxusta realidade actual dos servizos dirixidos aos maiores e dependentes.




**H. No MODEPÉN queremos crear unha ampla alianza social para conseguir que existan uns verdadeiros Servizos Sociais Públicos dirixidos aos maiores e dependentes.**

No MODEPÉN consideramos que **é preciso crear un forte e amplo movemento social** dirixido a conseguir os Servizos Sociais Públicos dirixidos ás persoas maiores e dependentes que antes describimos. Ese amplo movemento social debe ser unitario e incluír ao maior número posíbel de persoas, movementos e organizacións, de carácter social, profesional, veciñal, sindical, ou político, que concorden con nós na necesidade e características dos servizos sociais que defendemos.



**I. No MODEPÉN cremos que os pensionistas, os familiares dos usuarios dos servizos de dependencia e os traballadores deses servizos, deben ser a cerna do movemento social dirixido a conseguir uns verdadeiros Servizos Públicos para os maiores e dependentes**

Coa mirada posta na creación dese amplo e unitario movemento social que é preciso construír, **no MODEPÉN consideramos que debemos priorizar unha alianza máis estreita coas Asociacións de Familiares e Usuarios dos Servizos de Dependencia**, que pelexan pola mellora da calidade deses servizos, **así como cos colectivos de traballadores e traballadoras dos servizos de dependencia** que se están rebelando e mobilizando contra unhas condicións laborais e salariais existentes no sector caracterizadas pola súa forte precariedade. Con estes dous colectivos, temos unha ampla coincidencia de obxectivos, e certa experiencia de mobilización e traballo en común, polo que procuremos afondar na alianza estratéxica con eles.



**MOVIMENTO GALEGO POLA DEFENSA**  
**MODEPEN**  
**DAS PENSÍONS PÚBLICAS**